

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 40/2024**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX mediante escrito do 27 de Febreiro de 2024, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 9 de Abril de 2024, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 27 de Febreiro de 2024, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 5 de febreiro de 2024 da Dirección Xeral de Función Pública pola que se resolve a súa solicitude presentada con data do 31 de xaneiro de 2024, de acceso aos códigos de posto de Relación de Postos de Traballo de todas as consellerías da Xunta de Galicia co código da liña orzamentaria que o dota.

XXX en resumo indica que solicitou acceso aos códigos de postos coas características de cada un, unido á liña orzamentaria que o sustenta, pois considera que non é posible por parte de calquera administrado poder sabelo con exactitude. A resposta da Dirección Xeral foi conceder parcialmente e dar acceso a información, inadmitindo a solicitude completa en base a que se precisa unha reelaboración da información xa accesible nos enlaces indicados.

Considera que esta explicación é de todo incerta pois ninguén mais que a propia Xunta de Galicia, e neste caso a Consellería de Facenda onde están as dúas direccións xerais que teñen a información requirida e que poden combinala para dar unha información exacta da liña orzamentaria de cada posto, é dicir, dar cumprimento ao artigo 28 apartado 2 de forma inequívoca e transparente, néganse a facilitala.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, da resolución impugnada e do e do seu DNI.

Segundo. Con data do 28 de Febreiro de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Facenda e Administración Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 12 de Marzo de 2024 a Consellería de Facenda e Administración Pública contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que con data do 5 de febreiro de 2024 resolveuse a solicitude de acceso á información concedendo o acceso parcial mediante a remisión dos enlaces ás relacións de postos de traballo (RPT) da Administración da Xunta de Galicia, así como as RPT do ámbito de Función Pública en formato reutilizable, segmentados por persoal funcionario e persoal laboral e aos enlaces ás liñas orzamentarias de persoal, que están publicados na Web da Xunta de Galicia.

Considera a Dirección Xeral que analizada a solicitude, é necesario facer unha reelaboración para a obtención de parte da información solicitada cos distintos parámetros e criterios que recolle a petición, información que esta accesible nos enlaces remitidos.

O Rexistro Central de Persoal contén, entre outra información relacionada, aproximadamente 24.000 postos de traballo e a súa clasificación está accesible dende o enlace indicado ao reclamante no que figura o nome do departamento, centro directivo, unidade administrativa, código do posto de función pública, denominación, nivel, complemento específico, forma de provisión, grupo, tipo de administración, outras administracións, área funcional, categoría, titulacións, formacións, observacións, complementos de singularidade, información que vai complementada coa descrición dos códigos empregados nos ficheiros.

A información está permanente dispoñible e accesible a toda a cidadanía no enlace indicado, en formatos abertos e reutilizables.

As liñas orzamentarias dos distintos postos de traballo do Rexistro Central de Persoal, conteñen información económica referenciada ao momento en que son facilitadas polas distintas unidades de persoal das consellerías, organismos e entidades instrumentais unha vez feitas as modificacións e/ou actualizacións que correspondan. Posteriormente cárganse no sistema e esta información non reflicte unha situación real e actualizada dado que depende das modificacións e actualizacións sinaladas. O importante volume de funcionarizacións, modificacións de relacións de postos de traballo, modificacións de postos estruturais e acordos que se estiveron a tramitar nos últimos tempos, así como a complexidade da tarefa, implica a necesidade de realizar revisións exhaustivas para asegurar a integridade dos datos co fin de garantir a calidade e a precisión da información. A información solicitada non é un dato funcionalmente imprescindible nas relacións de postos de traballo para a dirección xeral

posto que, de ser necesario nun momento determinado, pódense consultar as liñas orzamentarias publicadas.

A solicitude individualizada de combinación da información de competencia da Dirección Xeral da Función Pública e de competencia da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos xunto coas distintas unidades de persoal das consellerías, organismos e entidades instrumentais, con información exacta da liña orzamentaria de cada un dos aproximadamente 24.000 postos de traballo que forman a relación de postos de traballo da Administración da Xunta de Galicia; implica a asignación de recursos humanos de ambas direccións xerais e unidades de persoal con ocupacións noutros procedementos e reelaborar información xa dispoñible nos enlaces indicados que foron remitidos á persoa reclamante e que está dispoñible para calquera empregado/a público así como para toda a cidadanía en xeral.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución impugnada ditouse o 5 de febreiro de 2024 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 27 do mesmo mes, polo que debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

XXX solicitou á Dirección Xeral competente en materia de Función Pública, acceso aos códigos dos postos da Relación de Postos de Traballo de todas as consellerías da Xunta de Galicia co código da liña orzamentaria que o dota. A Dirección Xeral resolveu darlle acceso parcial á dita información, remitíndolle os enlaces ás relacións de postos de traballo que figuran na web en formato reutilizable e segmentados por persoal funcionario e persoal laboral, e aos enlaces ás liñas orzamentarias de persoal. Indica a Dirección Xeral na resolución impugnada e no informe remitido que parte da información solicitada supón unha importante labor de reelaboración ao ter que cruzarse a información que figura nos enlaces indicados, de aproximadamente 24.000 postos, que son facilitadas polas distintas unidades de persoal das consellerías, tras a realización das modificacións e actualizacións que correspondan e o importante volume de funcionarizacións, modificacións de relacións de postos de traballo, modificacións de postos estruturais e acordos que se estiveron a tramitar nos últimos tempos, así como a complexidade da tarefa, implica a necesidade de realizar revisións exhaustivas para asegurar a integridade dos datos co fin de garantir a calidade e a precisión da información, e adicar un número importante de efectivos para cruzar unha información que non é dato funcionalmente imprescindible nas relacións de postos de traballo para a dirección xeral, posto que, de ser necesario nun momento determinado, pódense consultar as liñas orzamentarias publicadas.

Como estableceu a sentenza do Tribunal Supremo 670/2022, do 2 de xuño, citando anteriores sentenzas (sentenza do 16 de outubro de 2017, recurso 75/2017), o artigo 18.1 Lei 19/2013 establece diversas causas de inadmisión das solicitudes de acceso á información pública, entre as que se atopan as relativas a información para cuxa divulgación sexa necesaria unha acción previa de reelaboración, na que a aplicabilidade desta causa de inadmisión, como de calquera outra causa, debe tomar como premisa a formulación ampla e expansiva coa que aparece configurado o dereito de acceso á información na Lei 19/2013, que impón unha interpretación estrita, cando non restritiva das causas de inadmisión a trámite das solicitudes de información, e na que o dereito soamente verase limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información -derivado do disposto na Constitución Española-ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos e de forma proporcionada e limitada polo seu obxecto e finalidade.

Esa formulación ampla no recoñecemento e na regulación legal do dereito de acceso á información obriga a interpretar de forma estrita, cando non restritiva, tanto as limitacións a ese dereito que se contemplan no artigo 14.1 da Lei 19/2013 como as causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas no artigo 18.1, sen que caiba aceptar limitacións que supoñan un menoscabo inxustificable e desproporcionado do dereito de acceso á información.

Indica o Tribunal Supremo que a causa de inadmisión das solicitudes de información non opera cando quen invoca tal causa de inadmisión non xustifique de maneira clara e suficiente que resulte necesario ese tratamento previo ou reelaboración da información. Debido á severa consecuencia de inadmisión a trámite da solicitude que se anuda á súa concorrencia, é esixible que a acción previa de reelaboración presente una certa complexidade, polo que a subministración de información pública, a quen exercitou o seu dereito ao acceso, pode comprender unha certa reelaboración, tendo en conta os documentos ou os datos existentes no órgano administrativo, sen que esta reelaboración básica ou xeral, non sempre poida integrar, en calquera caso, a causa de inadmisión prevista no artigo 18.1.c), polo que precisa que tales datos e documentos teña un carácter complexo.

No presente caso, na resolución pola que se resolve a solicitude de acceso pola Dirección Xeral e no informe remitido, considérase que se xustifica de forma adecuada a necesidade de reelaboración, posto que se indica que a información é a que figura na web e nos enlaces remitidos ao solicitante que é necesario cruzar para obter o resultado cos parámetros solicitados polo reclamante, é unha información dun importante volume e sometida a constantes actualizacións, por canto existen un importante volume de procesos de funcionarizacións, modificacións de relacións de postos de traballo e de postos estruturais, é unha información que non é necesario obter pola Dirección Xeral para o exercicio das súas funcións, mais que de forma puntual para algúns postos, pero non para a totalidade dos que figuran na RPT, e suporía unha complexa tarefa con revisións exhaustivas para asegurar a integridade dos datos, que implicaría adicar un número importante de recursos humanos para a conseguir a información como a solicita o reclamante.

De acordo co anterior, ao considerarse xustificada a causa de inadmisión de remisión de parte da información solicitada por ser necesaria unha labor complexa de reelaboración, procede e desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por XXX con data do 27 de Febreiro de 2024, contra a Resolución do 5 de febreiro de 2024 da Dirección Xeral de Función Pública pola que se resolve a súa solicitude presentada con data do 31 de xaneiro de 2024, de acceso aos códigos de posto de Relación de Postos de Traballo de todas as consellerías da Xunta de Galicia co código da liña orzamentaria que o dota.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.